

# 1º BACH

## Linguaxe e Práctica Musical

A materia de **Linguaxe e Práctica Musical** concíbese como unha continuación da formación musical recibida polo alumnado na etapa educativa anterior, que lle permite ampliar, desenvolver e aplicar con autonomía e en contextos diversos, os coñecementos e as capacidades que contribúen á adquisición dunha cultura musical sólida.

A expresión e a linguaxe musical son os dous ámbitos do coñecemento musical en torno aos que se organiza esta materia. Está estruturada en cinco bloques: "*Destrezas musicais*", "*A audición comprensiva*", "*A teoría musical*", "*A creación e a interpretación*" e "*As tecnoloxías aplicadas ao son*", que se deben presentar nas actividades de ensino e aprendizaxe relacionados entre si, xa que estes ámbitos se complementan e interactúan, refórzanse e desenvólvense mutuamente.

A expresión musical refírese á creación e a interpretación de pezas vocais e instrumentais. A interpretación achega o alumnado a un repertorio musical amplo e variado, posibilita a adquisición de capacidades e destrezas técnicas e interpretativas e favorece a sensibilidade auditiva e a memoria musical. A interpretación instrumental e vocal, nunha educación musical na que a práctica é o centro da acción pedagóxica é tamén un procedemento esencial para aprender os contidos da linguaxe musical e reforzar os coñecementos adquiridos. A creación musical explora os elementos propios da linguaxe musical, experimenta cos sons e combínaos a través da improvisación, dos arranxos e da composición.

Todo isto poténciase coas tecnoloxías da información, da comunicación e da creación artística, que, postas á disposición da música, constitúen un recurso importante para indagar, obter información e comunicarse, e un medio para crear e descubrir músicas de todos os estilos e de todas as culturas.

O ensino da materia debe partir dos coñecementos previos, dos gustos e dos costumes musicais do alumnado, e abordarse desde a práctica musical activa e participativa, vinculada á reflexión sobre o realizado.

A materia contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico. Tal e como demostran numerosos estudos publicados, a práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música favorece a adquisición das competencias clave, procura un ensino integral e axuda na maduración do alumnado, ademais de favorecer o espírito de motivación e superación persoal.